



Demos íntimos do pobo galego

Elvira Afonso Pérez
Ismael Afonso Pérez
Montserrat Nóvoa Vázquez

1. INTRODUCCIÓN

Se o coñecemento dos deuses peculiares do pobo Celta permite establece-la identidade dos mesmos, non nos presentan o verdadeiro cadro das crenzas relixiosas dos nosos antergos; pois a Historia relixiosa de Galicia pre-romana quedaría reducida a ben pouco sen as supersticións, crenzas, festas e prácticas especiais que aínda conservamos.

A nosa mitoloxía popular é fecundísima e extensa e de fondas raíces no corazón do galego. A educación puramente tradicional dos nosos campesinos, o apegado que están a todo o seu, o aillamento no que vivían tradicionalmente, con falta de grandes

poboacións foi causa de que tanto nas montañas coma na beiramar permanecesen costumes, prácticas e crenzas que escondan as fórmulas e cerimoniais do pasado culto, que tendo unha moi lonxana orixe, encóntranse fortemente ligadas ó culto católico.

Conforman esta mitoloxía:

- O culto á auga
- O culto ó lume
- O culto ós astros
- O culto á Natureza inanimada
- O culto ós antergos
- O druidismo
- O culto ós SERES SOBRENATURAIS

Sobre estes últimos imos falar neste traballo.

2. CULTO ÓS SERES SOBRENATURAIS

O panteón popular galego está poboado de espíritos bós ou malos que o campesino ou ben individualiza ou os deixa en estado de tales espíritos e os conta como potencias superiores. Non son puras ficcións nin simples produtos da imaxinación do pobo, senón seres sobrenaturais no poder dos cales crése e a súa influencia deséxase ou teme. Fillos da noite, só nela viven, errantes, livianos, misteriosos, secretos, multiformes, maliciosos comprácense en atormentar ás criaturas con temerosos anuncios ou conartes diabólicas, descubríndose así o carácter demoníaco do que están dotados.

Hai ocasións nos que estes seres amósanse como entes amigos e benéficos, que contrabalancean o triste influxo dos que se presentan como produto do temor e da noite.

Non se coñece ben o mundo infinitamente pequeno no que se moven estes seres impalpables e incorpóreos. Os nosos avós e bisavós coñecíanos baixo tódolos seus aspectos, nós xa non.

Os seres sobrenaturais na existencia dos cales o pobo galego creou e cre, son os seguintes:

A.-ESPIRITOS DA CASA: as Almas, o tardo, o tango-mango

B.-ESPIRITOS DOS AIRES: o tronante

C.-ESPIRITOS DA TERRA EN XERAL. -as fadas

D.-ESPIRITOS DAS AUGAS: as virxes, as doncelas, as damas, as labandeiras

E.-DO CAMPO E DOS BOSQUES: a pantasma a estadea ou compañia, o canouro

F.-DOS ANTROS: os mouros, as lumias, os negrumantes, as ouvas.

Todos estes axentes sobrenaturais dan vida a seres intermedios, poderosos para o ben e o mal, máxicos e augurales, que participan do carácter divino propio dos espíritos, cos que se entenden e que sirven de mediadores con pobo. De aquí:

AS MEIGAS. Correlativas coas fadas, virxes e damas.

ON VEDOIRO: verdadeiros previdentes.

OS NUBEIROS: Unidos ós tronantes.

A conciencia popular confúndeos, vén ser unha mesma cousa, tanto na acción como nos atribu-

tos, pois tan alá leva o vulgo esta facultade por esencia popular da personificación dos obxectos inmateriais que o “MEIGALLO” (produto da bruxería) e o “ENCANTO” son non dúas ideas a bo tratar senón seres materiais e activos que contan de antemán e para sempre con poder e vontade. Isto é así porque no mundo do sobrenatural só hai dous principios que o simbolizan: o ben e o mal, e divídese en dous grupos: un SUPERIOR ou CELESTE, símbolo de canto nos agrada ou perxudica e outro INFERIOR ou HUMANO, con tódalas condicións propias da pureza ou do pecado. Así pois fadas benéficas, virxes, e damas concorren ó mesmo fin e son moitas baixo o punto de vista da bondade, pureza e de todo o santo. Ó contrario, as meigas representan o mal e o pecado. De aquí o indeciso da linguaxe que para expresar dúas ideas antitéticas utiliza o mesmo nome. Meigas e Fadas tanto pode significalo bó ou perxudicial. O pobo as distingue co nome de boas e malas fadas. Son a mesma identidade.

Ilustraremos ó lector sobre algunhas das características desta nómima de seres do ultramundo tan penetrado na alma galega.

3.- ESPIRITOS

3.1.- ALMAS. A crenza das almas vén do culto dos nosos antergos e desempeña un gran papel na vida afectiva do campesino. Rondan ó redor da casa, penetran no seu interior, falan cos da familia, recórdanlle-los deberes que se han cumprir, se non o fixeron; a súa derradeira vontade. Aconséllannos, consólannos, pero sobre todo, ocúpanse con preferencia da cuestión de restitucións, sufraxios que deben facerse na súa

favor, etc. Estas son as almas en pena que andan pola noite en torno á casa e deixan oí-los seus laios, levando á alma do vivo non cumpridor toda sorte de medos e angurias.

3.2.- TARDO. Burlón e curioso pai dos pesadelos é un verdadeiro ser diabólico que pousándose durante a noite sobre o peito dos que durmen, fatígaos co seu peso. Para liberarse del, hai que deixar enriba da mesa unha chea de trigo. O tardo entra e, como curioso que é, pónse a conta-los graus; pero como ó chegar a cen perde a conta e ten que escomenzar, cansa e abandoa a casa.

3.3.- TANGO-MANGO. Alude en senso burlesco á enfermidade en xeral. Aínda que outros autores din que é unha enfermidade dada sen nome coñecido, se cadra o “Baile de san Vito” ou unha enfermidade imaxinaria froito da aprensión do que a sofre.

3.4.- TRONANTE. É o verdadeiro xenio da tempestade. É un ser extraordinario que vive nas alturas; e en casas de terra. Na provincia de Ourense din del que é un monstro pequeno e rechoncho que ferindo as nubes cos pés, produce o ruxido dun trono: basta que un sacerdote lle bote auge bendita para que caia ó chan e cese a tronada. En Bergantiños (Coruña) é o contrario, alto e feo e viste de cabaleiro, vai ás fontes e levanta as augas, e no ceo fai os tronos rodando caixas de ferro.

3.5.- FADAS. É a bondade e a pureza, que simbolizan coas vestiduras brancas e evidénciase no seu estreito parentesco coas tres Marías e coas virxes. A súa acción benéfica pódese comparar coa das Damas. Se as visitas ou mal-

tratas tórnanse malas fadas. De amigas tórnanse enemigas, tanto é agora o seu poder para o mal como antes para o ben. As malas fadas son vengativas, inclementes, cegas e implacables co destino. O malfadado descoñece a dicha, a fatalidade o goberna. As malas fadas non só presiden estas vidas, adiántase tamén a marcalas desde o seus primeiros momentos. Igual cás vellas Enumérides, as malas fadas son vengativas, inclementes, cegas e implacables como o destino. “...Malas fadas me fadaron no ventre da miña nai...”

3.6.- DAMAS. Son xenios severos pero benévolos, dotados de gran sabiduría e unha forza superior á das fadas. Distínguense destas por certa liberdade que lles permite obrar segundo a súa propia vontade. Estas “fadas-nais” en oposición ás “fadas-virxes” son protectoras e intelixentes. Teñen funcións semisacerdotais e igual que as boas e malas fadas aparecen no cancionero e no romanceiro galego. Unha delas é a DAMA GELDA con capacidade para desfacer meigallos e obrigar a presentarse ante ala, é obedecida e triunfa.

3.7.- ESTADEA ou COMPAÑA. Son pantasma, almas en pena, que nas sombras da noite emprenden a súa infernal carreira, amosan especial inclinación por quen se aventura ás camiños e corredeiras extraviadas á hora na que elas sean dos seus antros, anunciando a morte daquel na



TRONANTE: Na provincia de Ourense din del que é un monstro pequeno e rechoncho que ferindo as nubes cos pés, produce o ruxido dun trono. En Bergantiños é o contrario, alto e feo e viste de cabaleiro

casa do cal guindan unha pedra ó seu tellado. Toda Galicia cre nela e nas súas siniestras aparicións. A lenda ten numerosas variantes; na provincia de Ourense coñécese así:

“Pola noite os defuntos érguense das súas tumbas, e reunidas dentro de igrexas saen xuntos pola porta principal tan axiña soan as doce. Un vivo, home se o patrono da parroquia é santo; e home ou muller se é santa;

precédelles nas súas correrías nocturnas. O vivo leva a cruz e o caldeiro de auga bendita co seu bisopo, non pode volve-la vista atrás, nin enterarse do que pasa ás súas costas; as ordes que recibe comunicanllas sen que el saiba como. Cada pantasma leva nas máns unha luz, pero non é por iso visible, só son sinais de que pasa a compañía, un lixeiro vento e o cheiro a cera. O que vai diante non pode

SANTA COMPAÑA:
 Pola noite os defuntos érguense das súas tumbas, e reunidas dentro de igrexas saen xuntos pola porta principal tan axiña soan as doce.

deixa-lo seu cometido. O que "anda con difuntos" como se lle chama ó portandante da fúnebre comitiva, ten mala cor, enflaquece e non se sente ben de saúde. Estalle vedado revelar nada do que ve, e menos dicir que anda coa compañía. Non pode rexeita-lo seu cargo, e só estálle permitido facelo cando na súa excursión atopa a outra persoa e lle entrega a cruz e o caldeiro, e este ten a obriga de desempeña-la súas funcións. Só escapa a esta obriga o transeúnte que ó sentir pasa-la compañía, traza un círculo e métase nel. Tamén queda libre botándose boca abaixo, pero entón pasan as pantasma por riba do seu corpo deixándoo maltrecho."

Estas procesións anuncian a morte, con un ano de antelación, a aquel a quen a hueste visita. Cando o seu final está próximo, as visitas menudean.

En Ourense asegúrese que estas procesións non se fan so de noite, senón que en ocasións saen tamén polo día, pero só ás doce.



3.8.- CANOURO. Espírito maléfico e masculino, parecido ó Rei dos Elfos de Goethe. Non se sabe quen era este xenio do que descoñécese a súa orixe e condicións. Sábese que fere de morte ós nenos nos brazos dos seus país. No Canouro recoñecemos un espírito das augas. As valles mitolóxicas presentan ás almas indo cara aqueles lugares nos que as augas imperan. Fillo do delirio

e do medo, irmán das pantasma que a imaxinación do enfermo crea nos seus insomnios, ten un pronunciado sabor demoníaco. Únase ás supersticións relativas ás Almas, e tamén ás da Compañía ou Estadea.

3.9.- MOUROS, LUMIAS, OUVAS, NEGRUMANTES.

MOUROS: En galego non só sig-

nifica “árabe” senón o que ten cor parda escura, confundíuselles con outros xenios de carácter demoníaco patente, pero que non dicen que puideran ser.

LUMIAS: Igual cós anteriores son seres maléxicos e superiores en forza ás ouvas.

OUVAS: Veñen se-las “OUVANAS” célticas ou as “oavas” do moderno Exipto.

NEGRUMANTES: Son os feiti-ceiros formados en mal concep-to ou como inimigos.

3.10.- O DEMO E OS SEUS ACÓLITOS: TRASNO E DEMOUCHIÑOS.

O DEMO: Atribúenselle mil engan-os e trasnadas. As xentes otór-ganlle un poder divino. A proba da importancia que ten en Gali-cia o Demo é a ristra de nomes cos que se lle cita: DONAY,ADO-NAY,O DEMO MAIOR,DEMORO, DIAÑO, PERELLO, DEMOUCHI-ÑOS, CACHÁN (que é o nome que se lle dá ó home luxurioso e dado ás mulleres). O pobo galego pensa que, sendo o demo a encarnación de Anxo Malo, expulsado por Deus ós Infernos, conserva un poder case infinito por eso atribúenselle capacidades de curar, indicar onde se encontrara tesouros ocultos, traérnoslo amor, etc. Por eso son moitos os que tratan de entrar en relación co demo, pero este non quere pactos verbais, senón escritos e en eles outorga o que se lle pide a cambio da alma. Fírmanse co sangue sacado do bra-zo esquerdo seguindo a lenda popular son varios os modos de conseguir que o Demo acuda á nosa cita; pero estes non son obxecto deste traballo.

O TRASNO. É un demo burlón que fai perderse polos camiños os noctívagos que teñen o cos-tume de andar de noite. Cando o trasno leva ós viaxeiros perdidos por camiños de difuntos, dícese que é sinal de mal agüero, pois a persoa así extraviada morrerá dentro do ano. Andar de noite non é recomendable pois tamén debe morrer dentro do ano o que oía cantar tres noites seguidas a curuxa. En galego chámanse trasnadas ás “bromas” feitas sen outro fin que o de facer rir.

DEMOUCHIÑOS. Narra Lois Moure Mariño no seu libro “La Galicia prodigiosa” que: “cando o Noso Señor expulsou do ceo ós anxos malos, mandou que se abri-sen a un tempo as portas do ceo e do inferno. Foi así como empe-zaron a caer do ceo enxames de anxos que ían parar ós infernos (...) San Miguel cansado de ver tantos anxos que ían ó inferno, dixo de súpeto: ¡SURCEN CORDE! (...) pechándose ámba-las dúas portas ó mesmo tempo; e foi así como moitos demouchiños que caeron do ceo e aínda non tive-ran tempo de entrar nos infernos, quedaron a vagar por este mundo e viven refuxiados dos humáns. Esos anxos vagantes, invisibles pero que habitan preto de nós, son os DEMOUCHIÑOS (...). Hai miles, vixiannos e espíannos e aínda poden misturarse coa mantenza que levamos á boca; por iso son tantos os “posesos” que estan habi-tados por estos demos. Por eso cando se nos abre a boca, é cousa boa face-lo sinal da cruz, para que non se metan no noso espírito (...).”

4. NUBEIROS e NUBEIRAS

Segundo Plinnio, as sacerdotisas da illa de Sen (Francia) teñen o

poder de calmar ou levanta-las tempestades. A esta antiga crenza céltica corresponden os nubeiros, con facultades para atrae-lo nebo-eiro e a tempestade e facer que caia granizo enriba dos campos do veciño aborrecido. Os nubeiros son os que chaman ó Tronante.

5. MEIGAS

Teñen moito máis interese na alma galaica. Un feito determi-nante das meigas é a vellez. Tamén son boas ou malas aínda co predominio do demoníaco. “O pobo temeas ou odiaas, pero as busca; a maxia é a súa condición primordial. Gracias ós seus ditos e fórmulas curan as enfermida-des, descubren o porvir (“vedo-eiras”), e exercen os seus malefi-cios. Aínda que moi perseguidas polo Sto. Oficio e as Xusticias Cívís, era tal o seu número que os inquisidores dicían que Gali-cia estaba moi aflixida desta pla-ga. Sabemos o que delas crían as xentes, mais non o que elas, no íntimo da súa conciencia, crían ser. Estas mulleres tiñan absoluta fe nas virtudes sobrenaturais de que se crían dotadas.

Segundo escribiu M. Murguía na súa “Historia de Galicia”: “escasos son os datos que nos quedan sobre as meigas, supersticións ás que obedecían e prácticas que lles eran propias. É imposible, logo xulgalas con pleno coñece-mento”. Segundo Michelet as meigas eran “como unha reivin-dicación relixiosa de muller cel-ta, unha protesta viva das tiranías de que era vítima”.

Durante a Idade Media a “bruxe-ría” preséntense como unha ver-dadeira institución. As meigas vivían como “colexiadas” nos Aquelarres. Tiñan a súa mestra,

real ou maxinaria, e esta era a “nai”, a primeira de todas; a que endoutrina, a vella, a que facía seguir ás demais os escuros camiños que antes percorrera ela.

O poder da meiga é hereditario, vai de nai a fillas; naciase meiga como se nacía nobre ou servo.

Afástanse da Igrexa Católica, aínda que permanecen unidas a ela de forma indirecta. De tal xeito é esto así que o rezo dominical que empregaban era diferente ó dos cristianos; e igual que “O Noso Pai” abre as portas do ceo ós crentes; o seu “O Noso Pai” goza do poder de abrir ós profanos as do mundo sobrenatural na que elas viven.

Non rexeitan, nin aceptan a situación de marxinação que sofren na sociedade, pero manifestan un rencor, latexante nas súas prácticas e supersticións contra os que non estaban con elas.

A súa patroa era Sta. COMBA, porque o seu nome, que se traduce “COLUMBA” permite o dobre equívoco de considerala como virxe e como pomba. Como virxe, está engalanada de condicións proféticas, e como pomba, o mesmo, aínda que en senso oposto.

Segundo GUBERNATIS a pomba ten un significado lúgubre e demoníaco e unha simbolización fálica, o cal desconcerta ó recorda-la utilización de pomba como signo de pureza e de paz, tan normal nos nosos días. Conta a tradición que Sta. COMBA era meiga, e que andando polo mundo atopouse co Noso Señor e este díxolle: -“Comba ¿onda vas? - Vou usar dun oficio”. Xesús replicoulle: “enmeigar, enmeigarás, pero no

meu reino non entrarás”. Entón ela, que mataba nenos, vellos, botaba o mal de ollo e facía o demais do oficio, arrepeníuse e facendo penitencia, non só se salvou senón que foi santa.

A demonolatría das meigas levábaas a santifica-lo sábado e adoralo “Cabrón” ou “Carneiro”, símbolo do demo.

As súas reunións nocturnas foron célebres. Reuníanse os sábados pola noite e nas súas principais festas: a noite de S. Xoán; de S. Pedro; de Santiago, e da Nosa Señora. O Areal de Coiro, preto de Cangas, é dende antigo o lugar de reunión que celebraban o pé dunha fonte no sitio chamado AREAS GORDAS. En vésperas de S, Xoán untábanse cun “cacho” -anaco de unto de porco- e saían polas chimeneas montadas en vasoiras, rápidas como o pensamento, alí esperábaas o demo en forma de carneiro ou de cabrón barbudo con tres cornos. Facíanlle as beiras, rodeábano e por rigurosa orde íanlle bica-lo tra-seiro. Elas chámano Jan Moxico, nome que alude ó fogo terrestre é a luz solar. As esceas do Aquellarre, verdadeiras orxías carnaís, concluían coa alba. As meigas regresaban en forma de gato e cada unha espertaba na súa casa, no seu leito solitario, cansadas. Tense a impresión de que, aínda despois de mortas, as meigas xamais perdoan, non esquecen, baixan polas noites en forma de lobo rabioso, polas corredoiras solitarias traspasadas dunha frenética ansia de vida, que buscan no sangue dos nenos e dos xóvenes. Ese é o seu soma, a súa licor dos deuses. Cando un cativo perde a cor e as forzas, languidece e se extingue, é que a “Meiga Chuchona” chupoulle o sangue. Nes-

ta tarefa está imprecado tamén “o Canouro”, que xa vimos.

Pero as meigas non son seres dos nosos ancestros. A revista “Cambio 16” no ano 1983 publicou a existencia de meigas en varios lugares, sobre todo en Cangas do Morrazo, lugar tradicional de meigas. Dise que a campá da igrexa da Coiro (en Cangas) tiña poder suficiente para conxurar co seu son ás Meigas e A Compañía. Dita campá, si existe, é das mais curiosas e antigas de Galicia, pertencería ó século XII segundo os estudos do pai Sarmiento. Dito pai di que en Pontevedra, “vella”, “de Cangas” e “meiga” era todo “un” polo que non é de estranar a persecución que sufriron no s. XVII por parte da Sta. Inquisición.

A mala fama de Cangas e as súas meigas plasmouse no cancionero galego tal e como recolle unha copia de Banda (Ourense) que di: “Nise lugar Guginde ó revolver das ladeiras pasada ca á faldra fóra po-lo mor das feitireiras”


Alude o romance á crenza popular fálica de que as meigas foxen dos homes que levan as faldas da camisa enriba dos pantalóns.

Son moitos os nomes de meigas coñecidas ó longo da historia da nosa terra:

En 1609 ANA RODRIGUEZ chim-paba ó lume do fogar ás meigas, varrendo a lareira cun angazo de liño, e reunidas as impurezas enriba do lume, apagábao con auga bendita.

En 1627 ELVIRA MARTINEZ

En 1637 EUFEMIA MORZAS, aseguraba poder desmallar a unha



Luis
Coxo

O TRASNO: É un demo burlón.



MEIGAS: As meigas asócianse coa vellez. Poden ser boas e malas pero con predominio do carácter demoníaco. Reuníanse os Sábados pola noite en festas moi sinalada: San Xoan, San Pedro... As escenas de aquelarre, verdadeiras orxías carnais concluían coa alba. As meigas regresaban en forma de gatos e cada unha despertaba na súa casa e no seu leito solitario, moi cansada.

persoa facéndolle cruces na fronte, e sacalas do letargo apertando á persoa durmida.

MARÍA SOLIÑA: foi queimada viva pola Inquisición nos areais de Cangas xunto o mar (aínda que este dato é incerto).

A MEIGA DE COBRES: como era coñecida a señora Celia, porque tiña a súa casa na aldea de Cobres, da feligresía de San Martiño de Rianxo. Díciase dela que portaba “o mal de ollo”, que tiña “pacto co demo” e achacábanlle a morte dunha vaca ou as enfermidades de algún veciño. Bastáballe con odiar a unha persoa para deixala enmeigallada, así fixo cun mozo estudante que colleu amores coa súa filla Dosiña, mandando ó mozo ó tumbo. Carecía de amigos porque a temían. Pasaba horas na igrexa e só tiña trato co crego Don Teodolindo.

NIEVES ARROYO SAENZ: Nos anos oitenta (deste século) vivía en Vigo, e era unha das meigas máis célebres de España. Adiviña o porvir e cura meigallos, mal de ollo, e fai exorcismos.

NIEVES BORCERO: “La del Ché”, especialista na curación do herpes. Coñece tódalas herbas que medran nos camiños, cóceas e aluméas de poderes.

6. MEIGOS, DRUIDAS, BALOUROS ou VEDOIROS.

Se puideron ser considerada-las meigas corno druidesas, con maior razón puideran os meigos ser mirados coma druidas, pois neles mistúrase mellor a dobre crenza dos feitizos e a adivinación: **NEGRUMANTE** (feiticeiros) **E VEDOIROS** (adiviños). Neles,

esta última característica é o rasgo dominante pero amósanse baixo o primeiro aspecto. Préséntanse con marcado carácter sacerdotal, ben por ser cregos que exerzan esas artes, ou ben por ser “laicos” que se crían coa ordenación necesaria para exercer como tales sacerdotes.

Por unha tendencia nas xentes sinxelas que pensan que é máis escoitado o que se acha máis preto da adivinidade, estas preferiron sempre ós cregos, pois así os conxuros tiñan máis eficacia. Sen embargo, a igrexa opúxose a estas prácticas; así o Canon LIX do II Concilio de Braga, prohibía ós cregos “ser engaioladores e facer ligaduras”. Prohibíuselles dicir misa con certo número de velas que se cría simbólica.

A pesar das prohibicións conciliares, seguían os antigos usos, de tal maneira que no S. XVI áchanse testificados como meigas bastantes máis cregos que homes do pobo.

Os laicos simulaban prácticas que lles daban apariencia sacerdotal, un exemplo son **OS BALUROS**: non só eran meigos senón que ofociaban como curas.

Os meigos eran menos numerosos cás meigas, ademais había mais fe nas mulleres que se amosan ós ollos do pobo, como verdadeiras iluminadas.

7.- PASTEQUEIROS

Homes actuantes na cerimonia de desfacerlo meigallo (**MEIGALLO**: é estar posuído polos malos espíritos ou te-lo demo no corpo). Rompe feitizos. Os pastequeiros teñen nome e apelidos ou mote e están en disposición

de quen queira os seus servicios. O latín “pax tecum” é a raíz de “pastecco”, e seguintemente de pastequeiro.

A consultarse con eles concorren enfermos, persoas en averiguación dos feitos sucedidos ou por suceder; de noticias de individuos ausentes; de autores de roubos; de causantes de enfermidades; de seres queridos, etc. e os enfermos que van son na súa maioría do sistema nervioso, e o vulgo funde todas estas enfermidades nunha soa doenza coñecida como “meigallo”. O cerimonial realízase en diferentes lugares: igrexa parroquial de Sta Comba, a Capela de San Cibrán en Pontevedra, etc.

A maioría dos patiqueiros herdaron dos seus antergos esas prácticas habendo familias de abo-lengo pastequeiro: -La de Berjo, Carrizo, Santiago Rial... El Manso de Tomenza, José del alma de Marcán...

Así o tema do meigallo e a súa vinculación co curanterismo aparece na vida do galego e é admitido nas máis cultas e elevadas instancias da nosa sociedade.

BIBLIOGRAFÍA

- Murguía, Manuel; “Historia de Galicia”. Real Academia Galega.
- Moure Mariño, Luis. “La Galicia Prodigiosa; las ánimas, las brujas, el demonio”. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 1992.
- Sueiro, J.U; Nieto, A. “Galicia: Romaría Interminable”.
- Rof Carballo, X. “Mito e Realidade da Terra Nai”. Ed. Galaxia.
- Lusón Tolosada, C. “Brujería, Estructura Social e Simbolismo en Galicia”.
- Martínez de la Riva Labarta, R. “Brujas, Meigas e Meigallos en Galicia”.